

Problema 101: Busca a correspondencia das frases coas etapas do método científico: HIPÓTESE, PROCURA DE INFORMACIÓN, COMPILACIÓN DE DATOS, CONCLUSIÓN, PROBLEMA, EXPERIMENTACIÓN.

Un grupo de profesionais da ciencia desexan investigar o efecto do té chinés como adelgazante. (_____)

Despois de estudar as herbas que o compoñen e as súas propiedades, (_____) determinaron que o té chinés acelera a redución de peso. (_____)

Para probar isto tomaron dous grupos de persoas, cada un deles composto por 10 persoas da mesma idade. O grupo A consome o té chinés dúas veces ao día durante 30 días e ao grupo B adminístraselle un placebo (calquera sustancia non activa, que se proporciona como substituta dun medicamento ou tratamento). (_____)

Despois dos 30 días, pézase ás 20 persoas e compróbase que as do grupo A teñen rebaixado de 5 a 7 kilos o seu peso, mentras que as do grupo B non o viran modificado. (_____)

Conclúese, polo tanto, que o té chinés acelera a redución de peso. (_____)

Un grupo de profesionais da ciencia desexan investigar o efecto do té chinés como adelgazante. (PROBLEMA)

Despois de estudar as herbas que o compoñen e as súas propiedades, (PROCURA DE INFORMACIÓN)

determinaron que o té chinés acelera a redución de peso. (HIPÓTESE)

Para probar isto tomaron dous grupos de persoas, cada un deles composto por 10 persoas da mesma idade. O grupo A consome o té chinés dúas veces ao día durante 30 días e ao grupo B adminístraselle un placebo (calquera sustancia non activa, que se proporciona como substituta dun medicamento ou tratamento). (EXPERIMENTACIÓN)

Despois dos 30 días, pézase ás 20 persoas e compróbase que as do grupo A teñen rebaixado de 5 a 7 kilos o seu peso, mentras que as do grupo B non o viran modificado. (COMPILACIÓN DE DATOS)

Conclúese, polo tanto, que o té chinés acelera a redución de peso. (CONCLUSIÓN)